



A Coruña, a 16 de xuño de 2023.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ACTA N°7 TEMP 2022-23**

**Equipos participantes: C.W.Lugo - C.W.C. Rias Altas**

**Competición: Campionato Galego Waterpolo Infantil Mixta.**

**Data de celebración:10/06/2023.**

**FEITOS**

- O día 13 de xuño foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

*"Ao finalizar o descanso entre o segundo e o terceiro período, previo ao comezo deste último, amósaselle tarxeta amarela ao adestrador local, D. Xavier Moreno Domingo (núm. lic.: 1008091), por demorar reiteradamente a colocación dos xogadores ao inicio dos períodos.*

*No mesmo intre e polos mesmos feitos tamén élle amosada tarxeta amarela ao adestrador visitante, D. Marcos Patiño Calvo (núm. lic.: 1015634).*

*Ambos adestradores xa foran advertidos verbalmente polo árbitro para cesaren nesta conduta nos inicios dos cuartos anteriores. " .*

- O día 13 de marzo deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción leve (art. 7. I.1.a).
- Agravante de reincidencia do artigo 12 toda vez que o adestrador xa foi sancionado esta mesma tempada nesta mesma categoría por infracción á disciplina deportiva de igual gravidade (Acta n° 2 data 10/03/2022)

**RESOLVE**

- Sancionar a D. X. Moreno Domingo con número de licenza 1008091 adestrador do C. W. Lugo categoría infantil con un encontro de suspensión nesta mesma categoría(art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN